

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2010/04
CARACTER: EXTRAORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 18 de maio de 2010

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **18 de maio de 2010** reuniúse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter EXTRAORDINARIO baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Fernando Suarez Barcia e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

Polo Grupo do B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

Polo Grupo do P.P.

D. José Carlos Rodríguez Andina
D^a Ana María Docobo Fernández.
D. Jesús López Penabad
Dona Begoña Sanjurjo Santar.

Polo Grupo do PSG-PSOE

D.Balbino Pérez Vacas
D. Ramón López Pérez
Dona Maria José Rodríguez Arca

Polo Grupo de U.P.R.I.

D. Francisco Rivas Álvarez
Agustín Reymondez Gancedo.

Secretario:

D.Manuel J. Diaz Sánchez

Interventora:

D.^a Olalla Alvarez de Neyra
Martínez.

Técnico de Admón. Xeral. D.José
Rodil Veiga.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello , nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pasase dos asuntos comprendidos na Orde do día:

2010/01/33.- ORZAMENTO MUNICIPAL PARA 2010.

Obra no expediente a disposición dos Sres.Concelleiros a proposta da Alcaldía contida no dictame da Comisión Informativa , que se transcribe de seguido:

“Formado o Proxecto de Orzamento Municipal do Concello de Ribadeo para o exercicio 2010, e considerando o cumprimento das disposicións reguladoras da materia e dos principios que a inspiran, preséntase agora para o seu dictame e aprobación.

Neste sentido, preséntanse, suficientemente dotadas, as partidas para atender ás obrigas esixibles a esta Corporación, tanto para gastos de persoal (Capítulos I e VIII), como para gastos de funcionamento dos servicios (Capítulo II), as relativas ós gastos de intereses e amortizacións (Capítulos III e IX), as correspondentes a transferencias, tanto correntes como de capital (Capítulos IV e VII) e, por último as relativas ós investimentos en obras, etc., (Capítulo VI), todo elo en canto ó Estado de Gastos; e respecto ó Estado de Ingresos, preséntanse os conceptos coas previsións que o longo do exercicio se esperan obter, co fin de financiar os créditos do estado de gastos.

Ós Estados de Gastos e Ingresos engádense as Bases de Execución do orzamento, documentos que constitúen o presuposto básico ó que se une a documentación complementaria á que fan referencia os artigos 12 e 18 do Real Decreto 500/90, do 20 de Abril, e, en definitiva, a esixida polo artigo 165.1) do TRLRFL, ademáis da relación de partidas de gastos, clasificadas funcional e economicamente, e a de conceptos de ingresos cun desglose das diversas partidas globais.

Por todo elo, esta Presidencia proponlle á Comisión Informativa, que, dictaminando favorablemente este orzamento, teña a ben formularlle, a súa vez, ó Pleno da Corporación proposta de adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2010, que se eleva, en gastos e en ingresos á contía de **9.197.638,33 € “nove millóns cento noventa e sete mil seiscientos trinta e oito euros con trinta e tres céntimos de euro”**, que se concreta nos seguintes resumos por Capítulos,

entendendo incluídas nos mesmos as modificacións que se realizaron ó longo do exercicio sobre o Orzamento prorrogado:

ESTADO DE GASTOS.-

CAP.	DENOMINACION	€
A) OPERACIONES CORRENTES		
1	Gastos de persoal.	3.795.699,79€
2	Gastos en bens correntes e servizos.	2.657.944,20€
3	Gastos financeiros.	42.800,00€
4	Transferencias correntes.	170.375,00€
B) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	Inversións reais.	1.863.673,91€
7	Transferencias de capital.	243.502,69€
8	Activos financeiros.	27.045,54€
9	Pasivos financeiros.	396.597,20€
TOTAL GASTOS.....		9.197.638,33€

ESTADO DE INGRESOS.-

CAP.	DENOMINACION	€
A) OPERACIONES CORRENTES		
1	Impostos directos.	2.081.000,00€
2	Impostos indirectos.	160.000,00€
3	Taxas e outros ingresos.	2.200.448,87€
4	Transferencias correntes.	2.863.857,34€
5	Ingresos patrimoniais.	6.200,00€
B) OPERACIONES DE CAPITAL		
6	Alleamento de inversións reais.	0,00€
7	Transferencias de capital.	1.859.086,58€

8	Activos financeiros.	27.045,54€
9	Pasivos financeiros.	0,00€
TOTAL INGRESOS.....		9.197.638,33€

2º.- Aproba-las Bases de Execución do orzamento, tal como se atopan redactadas, e que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria, organización e circunstancias do propio Concello.

3º.- Según o disposto no artigo 90 da Lei 7/85, do 2 de Abril, aproba-los cadros de persoal (funcionario e laboral) para o ano 2010, tal como figuran nos anexos de persoal.

4º.- Aproba-los cadros de retribucións, tanto de funcionarios como de persoal laboral, coas contías que figuran nos mesmos.

5º.- Aproba-la Oferta de Emprego Público do exercicio 2010 conforme o cadro de persoal que figura neste Orzamento.

6º.- Autorizar á Intervención municipal para a adaptación dos apuntes contables realizados sobre o Orzamento prorrogado á nova clasificación das partidas de referencia no novo Orzamento como consecuencia da nova Orde de clasificación dos orzamentos das entidades locais.

7º.- Que se expoña ó público o expediente por prazo de 15 días hábiles, mediante edictos no B.O.P. e no taboleiro da Casa do Concello e, de non formularse reclamacións contra o mesmo, ou de non basearse estas nalgún dos supostos do art. 170 do Texto Refundido da LRFL, entenderase definitivamente aprobado o orzamento, sen necesidade de novo acordo, remitíndose posteriormente copias á Delegación de Facenda e á Xunta de Galicia, publicándose finalmente Edicto do orzamento, resumido por Capítulos, no referido B.O.P., todo elo segundo se establece a normativa vixente.”

Iniciase deliberación, pasandose a palabra ao Sr.Castro Reigosa, Concelleiro Delegado de Economía e Facenda que comenza a explica-lo contido do meritado proxecto de presuposto aos sres.Concelleiros.

En primeiro lugar polo Sr. Concelleiro se procede a explicar que o proxecto estivo a disposición dos Sres.Concelleiros e se procede a distribuir unha copia aos Grupos municipais de PP e UPRI, na propia Comisión.

O Sr.Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista manifesta que lle parece mal que lle dean un borrador o venres e hoxe mesmo un proxecto de presuposto distinto e o Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular se pronuncia en termos similares, manifestando que non tiñan que vir a buscar nada porque lles

deran o documento o venres e que ninguén lles avisou de que era diferente; e se procede a deliberar por parte dos Sres.Concelleiros co Sr.Alcalde e o Sr.Concelleiro Delegado sobre este extremo, precisándose pola Alcaldía que desde que se convocou non se cambiou nada.

O Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista manifesta que llo dan o venres para o luns e que o Grupo de Goberno tivo 5 meses para estudialo, e o Sr.Alcalde pola súa parte resposta que lles pediu a todos os Grupos que o luns lle dixeran algo e lles pide que non tomen o asunto “pola tremenda”.

O Sr.Castro Reigosa pola súa parte procede a explicar as principais modificacións, facendo referencia a que se inclúe o Plan de Pensións, intervindo o Sr.Pérez Vacas que explica que de non telo feito sería causa de impugnación do presuposto.

O Sr.Castro Reigosa procede a explicar que este exercicio se atopa o presuposto nivelado, e non con superávit como en anos anteriores que foi preciso para enxuga-los déficits existentes, e que ascende a 9.197.638, euros.

Por parte do Sr.Castro Reigosa asimesmo se proceden a explicar os principais investimentos facendo referencia especificamente ao pavillón de Avda. De Luarca, cun importe superior a dous millóns de euros e respecto a este extremo o Sr.Pérez Vacas pregunta se hai comunicación oficial desa subvención manifestando que sí o Sr.Castro Reigosa e procedéndose a deliberar sobre o referido Pavillón Polideportivo, manifestándose por parte do Sr.Rodríguez Andina que podería facer co importe un pavillón novo en vez de reformar e ampliar o existente e o Sr.Castro Reigosa manifesta que existen unhas vestiarios novos e se delibera sobre estes extremos entre os Sres.Concelleiros.

A continuación o Sr.Castro Reigosa fai referencia a diversas reducións de gastos que se efectúan, sinalando tamén que baixan os gastos correntes, e dentro deles os gastos financeiros, aínda que suben un pouco as transferencias correntes , e o Sr.Alcalde explica na Comisión que teñen a previsión dun “Plan de cobertura social municipal” para o que se aprobará un Regulamento e que cubrirá o feito de que na actual situación de crise económica, as familias que o precisen non se vexan privados do acceso a servizos municipais como a piscina, as escolas deportivas municipais , etc.e o Sr.Castro Reigosa explica que a este efecto presupostaron 20.000 euros e que se prevé que as situacións sexan informadas polos servizos sociais municipais.

Prosegue a explicación manifestando que hai unha suba no investimento de 600.000 euros e que baixan as transferencias de capital e prosegue explicando os investimentos que se prevén no presuposto dun xeito sucinto e facendo referencia ao financiamento dos mesmos.

O Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista, manifesta que quere facer unha pregunta técnica, e que é se hai unhas novas bases de execución, respostándose pola Sra. Interventora que non son novas, que son as mesmas pero hai que aprobalas cada ano.

O Sr.Alcalde explica que se prevé a construción de novos nichos pero que se preocupa polo sistema de adxudicación dos mesmos, se se efectúa tal e como se viña facendo.

O Sr.Rodríguez Andina pola súa parte pregunta á Sra.Interventora, para que “non choren” os membros do Grupo de goberno se non lles aproban o presuposto, que cuestións non se poderían facer, contestándose pola Sra.Interventora que non se poderían construír os nichos,o saneamento de Rinlo, en parte o POS do 2010 aínda que este extremo tería que ser obxecto de matización, as subvencións nominativa e o Polideportivo de Covelas.

O Sr.Pérez Vacas pola súa parte pregunta donde se atopa a subvención para a Comisión de Carnaval, buscándose no documento por parte do Sr.Concelleiro Delegado e explicándose que vai dentro dos gastos xerais de Carnaval, sen existir unha subvención nominativa.

O Sr.Rodríguez Andina advirte ao Grupo de Goberno sobre o risco que ten a admisión de patronos varios para as parroquias, e fai referencia a que xa comezou a cuestión co San Isidro de A Devesa, considerando que debe haber unha sola subvención para as Festas.

O Sr.Pérez Vacas volta a reiterar que a subvención do Carnaval non se atopa contemplada expresamente.

O Sr. Pérez Vacas a continuación se interesa por se está resolto o tema da conexión de luz da caseta dos socorristas nas Praias de A Devesa e o Sr.Alcalde contesta que se ten formulada a petición a Costas pero que este Organismo demora ás veces a execución das peticións.

A continuación o Sr.Rivas Alvarez, pregunta respecto á ausencia que detecta dunha subvención para a Escola Oficial de Idiomas, deliberándose sobre o particular e manifestándose por parte do Sr.Concelleiro Delegado que hai unha falla de programación por parte desa Escola que ten que formular unha proposta de Convenio.

De seguido o Sr.Pérez Vacas pregunta respecto á Asociación Cultural Viejo Pacho e a que se dedica a mesma contestándose polo Alcalde e polo Sr.Castro Reigosa que organiza unha actividade denominada “Musikeo”, e que se realiza dous concertos a lo menos.

Deliberase a continuación entre os Sres.Concelleiros co Sr.Alcalde respecto á data do Pleno que se prevé para o próximo martes considerando o Sr.Pérez Vacas que é demasiado cedo esa data e que se se pode que se evite esa premura, criticando o prazo mentres que o Sr.Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular manifesta que con tres días lles chega.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez se manifesta que ten que refacer unha serie de cuestións que pensaba formular e que ten que estudar propostas de recorte de gasto para plantexalas en diversos ámbitos.

Prosegue a deliberación entre os Sres. Concelleiros e tras da mesma se pasa a votación o ditame da Comisión consistente na Proposta da Alcaldía que obtén dous votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e cinco abstencións (dos restantes membros dos Grupos Municipais presentes) ditaminándose , polo tanto, favorablemente para a súa aprobación polo Pleno municipal a proposta da Alcaldía correspondente ao Orzamento do Concello para o ano 2010, na literalidade dos termos en que foi formulada.”

Iniciase a deliberación na sesión plenaria, explicando o proxecto de presuposto do equipo de goberno o Sr. Castro Reigosa facendo un resumen como xa fixo na comisión e manifesta en primeiro lugar que este orzamento supón con respecto ao anterior un cambio no Plan contable e como consecuencia houbo unha readaptación de contas e de funcionais. De todos os cambios xa teñen todos os grupos copia de a efectuaban para cada un dos capítulos, para facilitarlles o estudo do novo proxecto.

Di o Sr. Concelleiro que este orzamento de 2010 é un orzamento equilibrado, e con superávit, tendo en conta a partida de gastos , que como referencia con respecto ao ano pasado supón un incremento de en torno os 500.000€, e isto que nos tempos de crise que estan no que se reflicta nun recorte do gasto e prodúcese unha paradoxa, que é que na situación económica que estan se produza unha subida do orzamento. Como xa explicou ten o seu motivo , e é nas partidas orzamentarias de investimento concretamente na principal , que é referente a construción, adaptación e reforma do pavillón deportivo da avenida de Luarca , que ten unha partida orzamentaria para a primeira anualidade deste ano de 800.000€ , e neste é no que radica o incremento do orzamento.

Prosegue dicindo que entrando nunha análise máis pormenorizada , e por capítulos e comparando co orzamento do ano pasado, en gastos de persoal está equilibrado, hai unha lixeira subida que está pendente do acordado na Lei de Orzamentos do Estado ,que supón 16.000€ de subida con respecto ó ano pasado, prodúcese unha importante redución no capítulo de gastos correntes , que é donde o equipo de goberno fixo o maior esforzo, tanto para facer unha redución xenérica dos gastos de case todos os funcionais , e practicamente de todas as delegacións de 138.000€ con respecto ó ano anterior, e isto permite crear un fondo que vai no capítulo de gastos correntes. Este fondo é para cobertura social de 20.000€ para cultura social e para atender as familias con familiares en situación de desemprego. Este fondo haberá que regulalo ao endeudamento e é un control que permitirá evitar a picaresca a hora de presentar xustificacións, que terá un regulamento e un control por parte dos servizos sociais.

Dí asimesmo o Sr. Concelleiro que os gastos financeiros sofren un recorte da metade con respecto ó anterior. Este é pola repercusión da baixada dos tipos de xuros que impacta no exercicio presente. As transferencias correntes referentes a partida do fondo social, ao que fixo referencia antes , medran en

torno a 20.000€, as inversións é o capítulo que máis medra con respecto o ano anterior en torno a 700.000€ , e é debido a este nova partida que está subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo. As trasferencias de capital sofren unha redución de 36.000€ e neste capítulo están principalmente as subvencións para financiamento de obras de área de rehabilitación.

O capítulo de gastos financeiros mantense igual , e nos pasivos financeiros o que é a ampliación de capital dos empréstitos da débeda do Concello baixa en 10.000€.

No que se refire ós ingresos hai unha baixada xenérica case en todos os capítulos, en impostos directos en 200.000€, o importe dos indirectos é como no ano pasado, e baixan as taxas e ingresos en 130.000€.

Di que é un orzamento moi axustado á realidade do Concello e tamén á realidade que viven hoxe en día e é que hai unha baixada xenérica en canto os ingresos do Concello pola repercusión da crise.

As transferencias correntes tamén baixan fortemente, en torno os 700.000€, e o principal motivo desta baixada é a baixada do Fondo Nacional de Cooperación Local por parte dos fondos do Estado e algún cambio de partida nas transferencias da Xunta que estaban en transferencias correntes, que pasan a transferencias de capital, como é o caso do núcleo de sostibilidade.

As trasferencias de capital sofren un aumento en torno os 900.000 € debido o que xa dixó antes, pola inversión no pavillón e o núcleo de sostibilidade que pasan de transferencias correntes a transferencias de capital.

Sinala asimesmo o Sr.Concelleiro no uso da palabra que esto é un resume por enriba dos cambios con respecto ao exercicio do ano anterior, e que cree que a conclusión primeira que se pode sacar nestes orzamentos é a baixada, que él quedaríase coa forte baixada do gasto corrente, unha baixada que ten ver moito coa situación económica que lles obriga a reducir gastos por todas as partes e axustarse e facer unha actividade de control de gasto permanente e hai que dicir que é un exercicio de austeridade.

Inicia o seu turno o portavoz do grupo municipal UPRI , Sr.Rivas Alvarez e manifesta que nesta primeira intervención quixera ter oído algo sobre as súas propostas, as que presentou o seu grupo , que eran vinte e cinco propostas e non lle oiu nada ao Concelleiro de Economía e Facenda, co que entende que non se vai a ter ningunha en conta. Di que o día que viñeron a comisión xa as tiña, parte das anotadas e que como despois cos presupostos xa saíu algunha outra e tamén había algunhas modificacións e quixo levalas para refacelas e incluso se podería chegar a falar delas nalgún dos casos. O que pedían nestas peticións do seu grupo , e vai falar de tres en concreto para que se vexa o que pidían , facendo eco do que dicía o concelleiro de reducir o gasto, que se suprima o gabinete de prensa , que é en tempos de crise cando máis se necesita, e que se dedique esa partida na súa totalidade aos servizos sociais, por exemplo, a axuda a domicilio, que se reduzcan os gastos da Delegación de Cultura nun 25% , non que se incrementen como xa vai demostrar despois.

Pedían tamén que se reducise o soldo do Alcalde por mor da crise , nunha porcentaxe correspondente aos alcaldes nun 15% que tampouco aparece por ningunha parte. Había outras solicitudes como o arranxo de pistas, a reapertura da Casa da Ría , e máis cousas que non se tiveron en conta para nada, incluso o reparto dos 68.000€ famosos , que había un acordo asinado por todos os sindicatos para ese reparto e non se chegou nunca a repartir. Polo tanto, ten que dicir que ven a este Pleno con ánimo de confiar na corporación, e que na corporación hai que confiar pero hai que darlle motivos para facelo.

Con respecto ao orzamento propiamente dito di que ven aquí ao Pleno neste día 18 de maio deste ano 2010, o de 2008 foi o vinteseite de agosto e o de 2009 o 13 de xullo, que van diminuíndo efectivamente, xa o di ampliamente no seu informe a Interventora, pero segue vindo como dicía o Concelleiro de Economía e Facenda xa daquela, que faría propósito de enmenda e que o ía traer nun prazo, no mesmo para o presente exercicio. Agora vese que non se traballou para traelo en prazo e polos antecedentes que acaba de citarse ningún orzamento virá en prazo, e sempre quedará o 2011 para xustificarse, que serán os derradeiros que terá que aprobar esta corporación, pero como di sempre quedará todo o ano 2011 para poder xustificarse de que veñen en prazo.

Prosegue dicindo que dicía o Sr. Alcalde o ano pasado na súa intervención referíndose as comisións que é onde se tratan as propostas, pero que se algún grupo non di nada, outro case nada e outro fai dúas propostas para rebaixar nun lado e subir noutro. Di que o seu grupo ten dúas propostas non sabe se para baixar ou para rebaixar, para rebaixar e para impresións sobre todo de en que se deben de gastar os cartos, e non se lles dixo nada de momento, non sabe se non se acepta ningunha , e igual se está equivocando e anticipando os acontecementos.

Como consecuencia este orzamento non foi elaborado en tempo e forma , algo ó que xa están acostumbrados segundo o seu nivel de traballo, e por moito que dixo o alcalde naquel pleno teñen hoxe que unha vez máis vai ser de 0 a 10 no resultado da votación e nas súas palabras quizais os saque de dúbidas, e polos antecedentes moita confianza non lles inspira.

Por outra parte do informe da interventora despréndese que os orzamentos deben de estar aprobado antes do 1 de xaneiro do ano en curso, eso si , non deixan de valorar que se ano a ano o expediente segue así, ante o paso que levan, non se vai traer ningún en prazo.

Prosegue manifestando o Sr. Concelleiro no uso da palabra que fala de inversións reais como consecuencia básicamente da obtención por parte deste Concello de subvencións en materia de inversión, claro que se se fala das aportacións que por lei lle corresponden ao Concello de Ribadeo e da cesión dos tramos por parte do Ministerio de Fomento ,do Plan E , a mala xestión por parte de equipo de goberno resulta abrumador “ver para crer”.

Finalmente fai referencia no seu informe as facturas pendentes de aprobación para o seu recoñecemento extraxudicial pero non fala do importe e gustaríalle sabelo, porque pode ser un dato clarificador para todos e van pedilo por escrito,

sempre que non supoña un colapso nos servizos de Intervención e Tesourería, e igual con tempo podería ir saíndo, e se poden ir coñecendo.

Nas peticións do seu grupo non sabe cantas foron atendidas, igual despois das súas intervencións poden desvelar al é o resultado.

Finalmente séguese querendo ir para adiante sen aprender dos erros cometidos, séguese sen presentar os presupostos en tempo e forma, máis gabinete de prensa, máis gastos en cultura, hai que recordar que se pasou de 578.545,32 no 2008 a 622.483,02 no 2009 e a 680.917,13 no 2010, e sumaron as partidas segundo lle deu o desglose o concelleiro. Quere dicir que si no 2009 incrementouse esa partida en 44.000€ e no 2010 incrementase en 60.000€ máis, e parécelles excesivo tendo en conta a situación económica do Concello e parécelle unha tomadura de pelo. Quere que o Concello consiga unha partida para que en tempos de crise ninguén deixe de ir a escola de música, nin a piscina, por exemplo asumindo competencias doutras administracións, se esos 20.000 € fosen para que ninguén pase fame por mor da crise, como Cáritas por exemplo, poderían sumarse outros 20.000€, do campus de baloncesto e xa serían 40.000, por non falar doutras partidas a sumar para este fin.

Finalmente di que o Alcalde ameaza cunha cuestión de confianza e quere dicirlle que a eles que o que os ameaza a eles vai telos sempre en fronte, e a el o que o amenazou o tivo sempre en fronte.

Inicia o seu turno seguidamente o Concelleiro do Grupo Municipal Socialista Sr. Pérez Vacas dicindo que a eles sempre os sorprendeu o Alcalde co pleno dos orzamentos , e queren tamén entrar no debate das súas primeiras palabras, do que foi a presentación do documento. Deulle a sensación dunha contradicción grande , porque ou xa está completamente convencido de que non vai sacar para adiante os orzamentos , e lles anuncia que vai presentar a moción de confianza , ou non sabe como lles está pedindo responsabilidade ao resto da corporación para tratar de que aproben os orzamentos, xa que como ben dixo con ese artigo , do cual todos se enteraron hoxe , que estaba detrás da moción de confianza, non hai posibilidade ningunha de enmenda nin de participar nos orzamentos, houbera sido mellor reunirse o venres, non convocar a Comisión de Facenda e vir hoxe a votar, e acábase antes. O que non entende é como o venres as doce da mañá se reúne cos portavoces e se lles entrega un borrador, e pide que lle corrixa o Concelleiro de Facenda senón é así, un borrador que a unha pregunta do Partido Socialista de se estaba incluído o plan de pensións se lles contesta que non. A continuación e sen saber máis nada , se lles pide que se manifesten o luns, e dicir, que tiñan o sábado e o domingo un borrador que levaba un erro , que era motivo de impug nación dos orzamentos senón se contemplaba.

Despois resulta que na documentación que se presenta para a Comisión do xoves xa estaba incluído o plan de pensións, entón o propio xoves con este documento cambia radicalmente o borrador que se lles entregou , e se convoca

directamente aos tres días ó Pleno que se está celebrando hoxe. Non sabe nin entende como pretende o Alcalde que ningún grupo da oposición puidera participar dende o venres ata o martes, que é hoxe, na elaboración do documento que é o máis importante que pode haber nun Concello ,que é a aprobación ou non dun orzamento, e repite, a non ser que estea latente na súa mente que non ía recabar polos motivos que se van explicar a continuación os votos afirmativos necesarios para levalo adiante. De todas as maneiras eles contemplaron erros grandes no orzamento, un baixo o seu punto de vista, é que o propio Alcalde incumpra os acordos que adopta o Pleno.

Prosegue manifestando o Sr.Concelleiro no uso da palabra , que cree recordar que no pleno do mes de agosto se tomou un acordo , previo receso, e previa consulta de todos os grupos políticos de que había que ter repartidos os 68.000€ segundo criterios indicados, como así foi, xa que o problema era que non se manifestaban os sindicatos, pero manifestáronse , e non se repartiu a partida de 68.000€ nin se contempla este ano nos orzamentos, polo tanto, a primeira pregunta que lle faría ao Concelleiro e onde van os 68.000€ , que había para repartir entre o funcionariado , según os acordos do pleno do mes de agosto e que agora nin se repartiron nin figuran.

Sinala asimesmo o Sr.Concelleiro , dirixíndose ao Sr.Alcalde, que despois parécelle unha temeridade que reiteradamente incumpra sentenzas que afectan a marcha económica deste Concello xa que tampouco o encontrou, pide que se lle diga se está nalgunha partida , que polo menos eles non alcanzaron a ver, ou polas consultas que lle fixeron pola mañá tampouco se contempla o fallo do Tribunal Superior de Galicia , con relación a inclusión ou fallo favorable relativo a existencia dun plan de pensións para o persoal laboral e funcionario do 2004, 2005, 2006, 2007, 2008 e 2009, so viu unha partida que corresponde ao 2010 e non sabe se é que tabla rasa , ou se o que di o xulgado é o que menos vale.

Parécelle unha temeridade que se pretenda traer un orzamento nesas condicións e sen falar con ningún grupo, porque sempre saíron para adiante os orzamentos do Concello de Ribadeo, entón asómbrale que non se pacte, que non se negocie e que non se diga nada, que se traiga un documento e que se queren aprobar ben , e senón presenta unha moción de confianza. Di que moi ben, pero que antes de tomar unha postura definitiva gustaríalle facer unha serie de preguntas ao Concelleiro Delegado ou a Interventora, xa que en relación ao estado de ingresos observa unha baixada na partida 335 de ocupación de vía pública xa que cada vez hai máis cadeiras e máis mesas postas por toda a vila, e a partida baixa de 6.000 a 4.000€, e cre que debería de subir, porque aparentemente hai máis ocupación e máis cadeiras colocadas en moitos máis espazos creados novamente polas aperturas de establecementos de hostelería que había antes, e en cambio esa partida baixa 2.000€ que non é moi significativo, pero que parece que se colleu a tixeira e se mirou de onde se quitaban ingresos e dixeron que aquí e neste caso os ingresos beneficiarían , e él cre que hai máis de 4.000€ de ingresos. Prosegue dicindo que lle sorprende aínda máis, porque ve que a partida, non sabe se

pola nova redacción do plan contable, que na 33902 de postos do mercado o ano pasado figuraban dous apartados, un para taxas e postos do mercado, e outra de fixos do mercado de abastos e outra de taxa mércores, e agora parece que se recada menos coa aplicación da nova . O seu grupo está canso de oír nos medios de comunicación dicir o Alcalde que coa aplicación que fixo se recadaba máis e non o ve no orzamento, a parte de que non sabe se está refundido todo na partida de 65.000€.

Na partida 33902 figuran postos do mercado e non fai mención de se son externos, internos, se son do mércores ou non, e pon 65.000€.

O Sr. Castro Reigosa pregúntalle ao Sr. Pérez Vacas se quere que lle conteste agora a isto, e este respóstalle que non, que despois, que aínda vai haber máis.

Prosegue o Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista dicindo que en cuanto aos gastos na primeira partida de gastos financeiros na 00 aparece un importe de 18.000€ de xuros da operación de tesourería que non figuraban no 2009 a maiores. Sorpréndelle a partida 22103 de subministro de combustibles e carburantes prevista para vehículos de obras, que pasa de 5.600€ no ano 2009 a 29.000€ e non sabe se é que se agrupou todo o combustible de todos os vehículos, xa que non viu partidas específicas de diferentes servicios.

Hai unha partida na 600 00 de inversións en terreos de 6.000€, que quere saber de que vai.

Pregúntalle ao Sr. Alcalde, respecto a que hai unha partida por sentenza da demolición da obra da rúa San Francisco , no que se tiña que consignar unha partida de 164.000 € , e supón que é para o derribo e rehabilitación dese edificio , pero non contempla no orzamento ningunha partida , e pregunta se non se pretende recuperar do causante desta desfeita ese diñeiro.

Di que non se contempla ningún tipo de ingreso, ven a través de infracción urbanística de recuperar os 164.000€ , e di que é unha pregunta.

Prosegue dicindo que lle sorprende , tamén , unha partida a 227 00 do acordo con INVARE e él pensou que este servizo que estaba facendo o GRUMIR era gratuito, o da recollida do cartón “porta a porta”, e pregúntalle ao Sr. Cupeiro Rodríguez se isto non o está facendo o GRUMIR.

O Sr. Cupeiro respóstalle que non sempre.

O Sr. Pérez Vacas prosegue e di que son 4.500 €.

Quere saber tamén se é obrigatorio ou se politicamente se podían suprimir as tres certificacións que hai do mantemento dos sistemas de xestión ambiental que levan unha partida de 7.000, outra de 2.500 e outra de 12.000, o que suma

cerca de vinte e pico mil euros por certificacións de calidade de EMAS e cre que non é obrigatorio facelas, que están recén pagadas.

O Sr. Cupeiro Rodríguez di que hai subvención para eso, e que cre que e do 75% normalmente.

Prosegue o Sr. Pérez Vacas dicindo que lle parece que había un compromiso con todos os grupos políticos , de continuar todos os anos facendo parques biosaudables en diferentes parroquias e a partida inicial que houbo en todos os anos de goberno do BNG de 12.000 € , queda na metade neste ano, de 12.000 a 6.000, e di que así dificilmente vai a ser posible cumprir o acordo que cre que había por unha moción de UPRI.

Asimesmo manifesta que ve unha partida que pon retribucións do persoal laboral temporal de deportes e pregunta que é iso, son 11.000 euros , se é que se contrata xente para deportes a maiores.

Gustaríalle tamén saber os criterios que se levan para as escolas deportivas municipais , xa que cada ano unhas baixan, outras suben, por exemplo a escola deportiva de fútbol sala sube con relación a outros anos e sube a de ximnasia rítmica, a de surf, e a de baloncesto, e baixan outras.

Tamén sube dunha maneira tremenda as subvencións para entidades deportivas en concorrencia competitiva, de 10.000 a 28.000€.

Outra das cuestións chamativas é que aparecen os 68.000 € de reparto, tamén que aparece outra vez a aportación, e quería saber se xa pertence as “Villas marineras” ou non, xa que volve aparecer a partida de 8.000 € que figuraba no ano pasado, e a pregunta é se xa se é ou se hai que pagar todos os anos, ou como pensaba él, soamente era o primeiro ano os 8.000 euros ou é cada ano.

Prosegue sinalando que na partida 44302 “Outras remuneracións do persoal de desenvolvemento empresarial” de 12.115 €, di que sube 10.000 euros a partida 45400 “Outras obras de reposición, asfaltados imprevistos e rebacheos”, pasa de 40.000 a 50.000 euros e en tempos de crise, como dixo o Concelleiro, e non vai a falar de móbiles que xa se falou bastante.

Estudios técnicos, informes e publicidade, e pregunta se neste saco pregunta se vai a publicidade, ou nos estudos técnicos, xa que hai unha partida de 8.000 €.

Hai 7.000 € de subscripcións a prensa escrita e prensa técnica relativa aos servizos administrativos ou e de periódicos e revistas.

Gastos por uso particular do coche do asistente social que sube de 5.000€ a 10.000€, e corrixe e di que non é do Asistente social senón dos Servizos Sociais e quere que llo expliquen.

Inicia agora o turno o portavoz do Grupo Municipal Popular o Sr. Rodríguez Andina e di que por primeira vez en dezanove anos non vai a falar de números

nos orzamentos, pero que o seu grupo lles pode contar os números que lles de a gana, poden dicir que suben, que as inversións baixan, os gastos correntes, etc., que non lle van crer, e como non lle van crer pouco lles interesa e non é que non saiban, e que está máis que demostrado, non lles interesa o que poñen porque non o van cumprir e como non o van cumprir para que se van a molestar en ler cento e pico folios para nada.

Di tamén o Sr. Concelleiro no uso da palabra que por primeira vez en dezanove anos van falar dun orzamento e dun equipo de goberno, que falta a súa palabra, que non cumpre os acordos plenarios, que non cumpre os compromisos, e polo tanto por moito que lles veña contando de que son moi honrados e que por iso queren ter un orzamento e tamén por responsabilidade, e con todas esas cousas boas que son eles, queren meterlles un orzamento para logo aplicar un artigo dunha lei que non sabe exactamente cal é que di que si non son bos os van a someter a unha cuestión de confianza, e dicir, chegaron ao extremo de que como non queren cumprir os compromisos nin os acordos non hai con quen falar ou polo menos non queren intentar volver a falar con ningún, como consecuencia do cal non lles queda máis remedio que a postura suicida de dicir que o levan o pleno e senón se aproba, sométese a cuestión de confianza.

Continúa o Sr. Concelleiro do Grupo Popular dicindo que é unha maneira cando menos curiosa de entender a minoría na que están gobernando, e que él cría que cando se goberna en minoría o que había que facer era buscar maiorías para poder saír adiante, pero agora non, trátase de metelos nun berenxenal de cuestión de confianza, que a verdade seguro que o Alcalde o ten estudado e que non o improvisou eiquí, que o traía preparado e deullo de penalti, e non sabe os outros grupos pero o seu non sabe como funciona eso da cuestión de confianza, pero dille que teña coidado, xa que igual a moción de confianza que él pretende plantexar para saír do atasco igual o mete a él nun atasco moito maior, e despois a ver como se resolve o asunto.

O seu Grupo no 2008 fiouse en setembro xa que había un compromiso pola súa parte co Pleno e co seu Grupo en concreto, no reparto económico, e pide que non lle diga que están en crise agora, que está falando dese tema de 2008, naquel momento, cando o goberno central dicía que non había crise polo tanto todavía non os podía asustar e aínda non o cumpriu.

Ao ano seguinte dixo que se había 17.000 € para un trimestre habería que poñer 68.000 € para todo o ano, e volveron eles a aprobar aquí, aprobouse o orzamento e volveron a incumprilo, polo tanto os niveis de fiabilidade son tirando máis que a escasos, inútiles, e dicir, non cumpren nin o que se aproba nun pleno, e que non cumplan os compromisos con outro Grupo político quedaría feo, pero menos, pero que non cumplan o que se aproba nun pleno, eso é máis duro e complicado.

Dí asimesmo o Sr.Rodríguez Andina que agora veñen coa responsabilidade, con que confían na corporación (advirte que o copiou do que dixo o Alcalde), pero non as teñen todas consigo, o cal é unha maneira curiosa de confiar, e dicir, non se fian. Amenázao cunha moción de confianza e o final o seu Grupo en concreto atópase nunha situación curiosa, levan tres anos tratando de facer un traballo con responsabilidade, tratando de facer e de aceptar propostas, de facer gobernable un concello porque lles parece que é o que hai que facer para que os veciños teñan mellor calidade de vida, ó final fiándose do equipo de goberno, e ó final resulta que aquí os que fixeron as cousas con honradez e con responsabilidade son o seu Grupo.

Prosegue asimesmo manifestando o Sr.Rodríguez Andina que eles cando saben, xa que o dixeron de forma reiterada durante todo o ano 2009, que se a 31 de decembro de 2009 non está cumprido o compromiso do persoal, o seu Grupo non vai a apoiar os orzamentos, e por iso non lle miraron os números tampouco, dixéronllo dende o día que se aprobou o orzamento e de forma reiterada, anunciáronllo e advertíronllo, eiquí e públicamente, e resulta que é inútil e non é algo que estaban pedindo senón algo que eles tiñan a obrigaón de facer. Eles seguen con seriedade e con honradez que esta vila siga sendo gobernable, que se poidan facer cousas, pero dalle a sensación de que co seu grupo xa non se pode, é imposible, e polo tanto quédalles a sensación de inxenuos xa que eles ían coa cara por diante e o final cando eles determinan que os compromisos non hai que cumprilos e que lles da igual o que digan, entón din que van sos e á cuestión de confianza e a correr, di que é a súa opción.

Comenta igualmente o Sr.Concelleiro no uso da palabra, que hoxe dicía nun medio de comunicación que igual o tiñan moi crudo para aprobar os orzamentos, xa que era o último ano, pero na súa opinión téñeno crudo porque o buscan a pulso, saben desde maio do ano pasado que é o que pode pasar e constantemente manteñen a súa posición van telo crudo, polo menos pola súa parte e polo de agora non lle van dar traballo ao concelleiro de facenda, pero despois igual si.

O Sr. Castro Reigosa, contesta e comeza referíndose as propostas do Sr. Rivas Alvarez, dicindo que parte das propostas que relacionaba na súa listaxe xa van contempladas implicitamente no orzamento. No relativo ao tema de camiños vai contemplado dentro dos plans que figuran no orzamento, tal como asfaltados ou o POS 2010.

Referente aos gastos de cultura que di o Sr. Rivas Alvarez, manifesta o Sr.Castro Reigosa que “alucina” e que lle saen unhas cifras, que a hora de montar fai unha pirámide con dous graos, que non sabe de onde pode sacar que suben para este ano con respecto ao pasado, e di que lle gustaría que llo demostrara, xa que se reduce a programación cultural en 17.000€, redúcense todas as partidas de cultura e practicamente seguidas, e pide que lle conte, xa que salvo que na agrupación do novo funcional de contabilidade metera algún

funcional, que non lle corresponde a cultura, ou que metera algún funcional que o ano pasado non estaba metido.

O Sr. Rivas Alvarez di que lle vai a contestar agora mesmo, xa que ten os datos. Di que o ano pasado o 324 o 332 o 334 e o 338, eses catro suman 680.917,13 €, e se se colle o do ano pasado era 622.483,02€ e di que estos son os datos que lle deu o Concelleiro Delegado.

O Sr. Castro Reigosa explica que como di a Interventora agora a Seguridade Social vai distribuída dentro de cada funcional entre outras cousas e a parte deso, hai algunhas partidas dentro desas funcionais que se meteron e que estaban antes na 451 que non estaban o ano pasado, porque son específicas deste tema.

Prosegue a súa intervención sobre diversos extremos o Sr. Castro Reigosa e di que respecto ao salario do Sr. Alcalde, maniféstalle ao Sr. Rivas que están todos a velas vir coa situación, e a velas vir co decreto que vai saír esta semana, e non se sabe en que vai a quedar, pero supoñen que a proposta de redución de saír adiante será para todos incluído o Alcalde, e aproveitando que fala da baixada de soldo do Alcalde, eles tamén poden traer a debate que propoñen aínda que él tiña que presupostalo e traelo ó Pleno temas aos que se pode renunciar, como as dietas por asistencia a sesións, que o seu grupo está disposto a renunciar.

O Sr. Rivas Alvarez dille ao Sr. Castro Reigosa que xa non as pagan.

O Sr. Castro Reigosa preguntalle se cobrou as do ano 2008.

O Sr. Rivas Alvarez contéstalle que si.

O Sr. Castro Reigosa dille que as do ano 2009 tamén as vai cobrar. Prosegue falando do tema do investimento, que eso xa foi un dos ataques do presuposto do ano pasado, que non o traían nada claro, e este ano que traen un investimento novo importante para varias anualidades, das maiores que se levan feito neste Concello, nos últimos anos, din que non se trae inversión e parécelle moi ben. O feito de que veñan outras inversións como o Plan E ou o da travesía non quita que as aportacións deste equipo de goberno no tema do investimento deste Concello non se consideren tamén importantes, polo menos neste caso concreto que esta dicindo.

Prosegue sinalando en relación aos investimentos e ao endebedamento que é moi fácil facer investimentos nunha lexislatura cando se fan con cargo a un préstamo por 2.400.000 € e noutro caso por 1.200.000 €, e que o equipo de goberno actual, no que vai de lexislatura e no que lle queda, non recorreu nin a un céntimo de préstamo e o único que fixo foi facer fronte a débeda e amortizar préstamos, e no que vai de lexislatura xa van 1.300.000 € amortizados e cando remate van ir máis de 1.600.000 €.

Respecto ao de retraer o do campus de baloncesto, dille ao Sr. Rivas Álvarez que firmouse o primeiro convenio estando gobernando o Grupo do Sr. Rivas Álvarez naquel momento e votando a favor, e non di, nin nega, que haxa que recapacitar sobre este extremo, pero que hai un convenio asinado.

Con respecto a intervención do Sr. Pérez Vacas manifesta que se lles deu un borrador a todos os Grupos coa nova clasificación funcional e como había quedado con respecto ao ano anterior para facilitar a labor. Chámalle a atención o que dí o Sr. Pérez Vacas xa que diante del, practicamente repasou o orzamento.

O Sr. Pérez Vacas dille ao Sr. Castro Reigosa que era un borrador que non foi á Comisión.

O Sr. Castro Reigosa di que sí, que era un borrador completo, que tivo cambios en importes pero porque se retiraron partidas que estaban xeneradas xa pero que non sufriu grandes cambios.

O Sr. Pérez Vacas di que o máis importante foi incluír o plan de pensións..

O Sr. Castro Reigosa di que precisamente para eso se daba o borrador, e se lles pedía tamén que era interesante que os grupos da oposición o aporten e se lles agradece a aportación e que o reitera, e que gracias a eso contemplouse o plan de pensións de 2010. Prosegue dicindo o Sr. Concelleiro que fala de erros na partida correspondente aos 68.000 € para repartir, erros na partida que non está contemplada para o plan de pensións do ano 2004 a 2009 que prefere que conteste a Intervención.

A Sra. Interventora di que o que ten que contestar ao respecto é que efectivamente existe unha sentenza que polo que ela viu declara válido o acordo inicial negociador dos funcionarios e non pode entrar a mirar se eso lle implica necesariamente os puntos que ten que consignar e os que non ten que consignar, simplemente o declara válido. O que si comentou co concelleiro de facenda era que a anualidade de 2010 tiña que ir dentro do orzamento e que

en todo caso unha vez aclarado se as anualidades de 2004 a 2009 tiñan que entrar ou non, o importe era o suficientemente asumible como para retiralo doutras partidas.

O Sr. Pérez Vacas di que fixo unha pregunta que era se se contemplaba o diñeiro correspondente ao diñeiro dos plans de pensións de 2004 ao 2009 e que non vai a discutir con ela, referíndose a Sra. Interventora, e que a resposta é non.

Di que non preguntou se se pode cambiar a partida que iso xa o saben todos, preguntou se estaba contemplado no presuposto e díxolle que non, e preguntou se era motivo de impugnación que non estea esa partida contemplada no orzamento, e para o Grupo Socialista si, pero que haberá máis interpretacións.

O Sr. Castro Reigosa con respecto a isto tamén ten que dicir que de 2004 a 2007 estaba o Sr. Pérez Vacas no goberno e era o Alcalde.

O Sr. Pérez Vacas di que si, pero di que deso xa fai tres anos, e xa perdeu as eleccións e xa as gañaron eles (en referencia ao BNG) e son os que teñen a responsabilidade de gobernar.

O Sr. Castro Reigosa dille ao Sr. Pérez Vacas, que está intervindo él.

O Sr. Alcalde chama á orde ao Sr. Pérez Vacas e dille que deixe falar ao Sr. Castro Reigosa.

O Sr. Pérez Vacas pide desculpas.

O Sr. Castro di que evidentemente ese tempo pasou pero como cada un fai mención o que lle da a gana el tamén ten esa opción de facer mención.

O Sr. Pérez Vacas dille que non había sentenza daquela.

O Sr. Castro Reigosa di que si había sentenza dos laborais e non se aplicou. Tamén ten que dicir que ninguén constituiu a xestora, nin se levou ningunha iniciativa nin por parte do comité de empresa nin por parte de ninguén para constituir a xestora que é o primeiro que hai que constituir.

Respecto ao apartado das partidas di que na ocupación de vía pública di que tanto nesa como en moitas máis, como se trata dun orzamento real e axustado, preferiu facer unha rebaixa polo baixo no gasto corrente, e fíxose no estado de ingresos que non era definitivo, de 2009, que era axustado e real e

é axustado a esto, e nalgunhas partidas por debaixo, xa que son previsións, e neste caso refírese ao mercado de abastos por exemplo na que se agrupou o mercado no que é unha partida e presupostouse por debaixo ao recadado no ano 2009 como previsión, e como esto é un presuposto, presupostouse por debaixo.

Explica ademáis o Sr.Castro Reigosa que nos gastos financeiros e na operación de tesourería figuraba o ano pasado unha de menor importe e figuraba nunha partida que non sabe exactamente porque importe, pero cre que por 8 ou 10 mil euros; refírese tamén a que o subministro de combustible para obras está agrupado nunha soa partida, e que respecto aos 6.000 € de inversión en terreos, di que esta é unha partida que xa estaba o ano pasado e ten que ver cos terreos para a zona de praias para o caso de que fixeran falla polo tema do aparcamento.

Pregunta o Sr. Pérez Vacas se é nas Catedrais.

O Sr. Castro Reigosa di que é para as Catedrais e as Illas.

Sigue o Sr.Castro Reigosa respostando que en canto a certificacións de medio ambiente, di que xa as contestarán; que respecto ao dos parques biosaudables que están presupostados pola metade, porque neste ano a Deputación non subvenciona estes parques e entón eles presupostaron para axustarse ao mantemento de parques infantís, xa que hai que facer varias reposicións no parque infantil de San Francisco.

Respecto ao persoal laboral de deportes xa estaba na partida do ano pasado e de anos anteriores, é o mesmo persoal que había en anos anteriores.

Asimesmo o Sr.Concelleiro Delegado se refire a varios extremos sobre os que se lle preguntou e sinala que respecto de que criterios se seguen para as escolas deportivas, quen marca o criterio é a inscrición ou matriculación e vai en función do número de cativos que vai a unha escola o que pode incrementar unhas e reducir outras, ese é o motivo de que varien.

Polo que atinxe ás subvencións de deportes as que facía referencia e que dicía que subían as que son de concorrencia competitiva e que se agrupan todas as nominativas e as competitivas nunha soa, e a parte de ir todas xuntas, redúcese en 2.000 €; que en canto ás “Villas Marineras” ten a aportación de todos os anos, que as remuneracións de persoal de ADL e outras remuneracións, o xeito de presupostar co novo plan é diferente e por eso

aparece en dúas partidas, no persoal laboral todo figura tanto o ADL como o resto de persoal laboral e aparece a partida de outras remuneracións.

Asimesmo no que atinxe aos asfaltados pasan de 40 a 50 e di que evidente antes as demandas permanentes de todos os Grupos que hai de rebacheo, de parcheo e é algo que hai que facer, no que vai de ano, no que se fixo de rebacheos, case se gastaron 40.000 € e os rebacheos van seguir aparecendo.

Di o Sr. Pérez Vacas que entón quedan 10.000 € para todo o ano.

Prosegue o Sr. Castro Reigosa indicando que polo que atinxe á partida dos técnicos que di de 8.000 €, e manifesta que baixa con respecto ao ano pasado.

O Sr. Pérez Vacas di que a súa pregunta é de que é esa partida, se era para informes técnicos, contestando o Sr. Castro Reigosa dicindo que na partida 912 que é a partida dos técnicos está o gabinete de prensa ademais de outros estudos técnicos.

Pregunta o Sr. Pérez Vacas cales son os outros, e pregunta se o gabinete de prensa é un estudio técnico, e contesta o Sr. Castro Reigosa replicando que xa llo dixo que é estudos técnicos, e que tamén pon prensa etc e tamén publicidade. Nas suscripcións de prensa están todas as suscripcións de prensa concretamente da biblioteca.

O Sr. Pérez Vacas di que xa viu que había moitos organismos, que está tamén o do Centro de día e do Asilo.

O Sr. Castro Reigosa, prosegue referíndose ao importe do transporte para vehículo propio do persoal dos servizos sociais, e di que tamén pasa de 5.000 a 10.000 euros pero que é axustado a realidade que hai.

Pregunta o Sr. Pérez Vacas que é iso e se contesta polo Sr. Concelleiro Delegado que dí que é o que se lle paga ao persoal de axuda a domicilio polas visitas fora de Ribadeo, do casco urbano.

Pregunta o Sr. Pérez Vacas si se aumentou o persoal e se contesta polo Sr. Concelleiro que aumentou a demanda do servizo nas parroquias, entón aumenta o persoal.

Intervén a continuación o Sr. Cupeiro Rodríguez que di que quere explicar o tema de INVARE polo que preguntaban. Dille ao Sr. Pérez Vacas que este tema xa o coñecen e que tiveron dabondo barullo e que llo explica. No tema de INVARE teñen habilitado dous kilos por habitante e ano de Ecoembes, e que aproveitando esa subvención que lles da aproximadamente para o 50% de pagarlles pola recollida, e como o cartón que se recolle porta a porta, cousa que el considera que foi unha boa cousa que fixeron, resulta que hai que ter un contedor nun sitio interior para que non se molle porque senón non o queren, e estase pagando por ese contedor 150€ por cada viaxe, e dalles para o 50% do gasto que ten ese servizo ao ano, e o resto do ano faise con persoal do GRUMIR e a outra con persoal do Concello.

Prosegue manifestando o Sr. Concelleiro Delegado de Medio Ambiente que entón o que se fai é que o retiran os traballadores unha hora ou dúas antes, para que os que van pola tarde poidan facer a recollida. Neste tema de INVARE presentáronlle o outro día unhas documentos de que dende o ano 2006 ten unha débeda contraída con eles, ensináronlle un documento asinado polo Sr. Rivas Alvarez que ao mellor lle pode dar unha explicación ao respecto onde certifica que os de INVARE estaban facendo a recollida do cartón e que non se lles pagou, que isto é o que se lles di. Se hai que pagar, son 68.000 euros de débeda dende o 2006, e se eso prescribiu ou non, pero eso é o que se lle presenta documentalmente. Pide que llo explique algún día o Sr. Rivas Alvarez que non fai falla que sexa hoxe.

O Sr. Rivas Alvarez di que no ano 2006 él non estaba eiquí na Corporación.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, di que se imaxina que no 2009 si.

O Sr. Rivas Alvarez di que estivo ata o ano 2003, que non sabe de que fala.

O Sr. Cupeiro Rodríguez pide excusas, sinalando que o dixo mal, que é dende o anos 96 ao 99 e di que cre que si que estaba. Prosegue que o mellor non é cousa de falar neste pleno pero que é importante.

Respecto ao tema do EMAS di que non foi el quen o implantou, que xa estaba da lexislatura anterior, e que é un sistema de xestión ambiental que é de mellora continua, eles empezaron cando él entrou simplemente coa Delegación de Medio Ambiente e agora ampliouse ao Auditorio, a Casa da Ría, o vertedoiro, o punto limpo, etc. e agora vaise facer na biblioteca, e que o fixeron tamén en residuos e en limpeza viaria, e ao ser de mellora continua loxicamente hai que facer unhas auditorías, tanto interna como externa, e considerou oportuno que a auditoría externa sexa un auditor de prestixio internacional e contrataron a "LLoyd" e para todo eso lles pediron este ano, debido a crise, que se fixera unha redución no custo e ao ser auditores

internacionais así o fixeron. É todo o que pode dicir do EMAS, é algo que acaban de sacar a concurso público, para intentar que se faga o máis barato posible e non sabe se a empresa que saiu se lle notificou.

O Sr. Castro Reigosa volta a intervir en resposta a intervención do Sr. Rodríguez Andina, indicando que non fixo ningún estudo técnico nin pormenorizado do orzamento, que fixo referencia a dúas cuestións principalmente, unha delas o tema de buscar maiorías, e que non lles serviu de moito buscar maiorías o ano pasado no 2009, buscaron maiorías que non atoparon e contemplaron un montón de partidas e modificacións dos demais Grupos, deixaron aprobar o orzamento coa abstención de todos os Grupos da oposición.

O Sr. Pérez Vacas interrompe e di que lle perdoe pero que lle parece que non foi así, que tivo o voto a favor do Partido Popular.

O Sr. Alcalde pide que lle deixen falar.

O Sr. Rodríguez Andina di que entón diga as cousas como son, que sería bo.

O Sr. Pérez Vacas di que tiveron 8 votos.

O Sr. Castro Reigosa di que teñen que perdoar todos, que teñen razón.

O Sr. Rivas Alvarez di que non, que so tiveron 4 votos a favor, os do Grupo do BNG e 7 abstencións.

O Sr. Alcalde volve a pedir que deixen falar ao Sr. Castro Reigosa e di que cando houbo alegacións o PP efectivamente votou a favor co seu Grupo.

O Sr. Rivas Alvarez di que non.

O Sr. Alcalde corrixe e di que rexeitou as alegacións co seu grupo.

O Sr. Pérez Vacas di que tiveron 8 votos, que foi no Pleno de agosto por 8 votos a favor e 5 abstencións.

O Sr. Rodríguez Andina di que está mirando para él e que non dixo nada.

O Sr. Castro Reigosa di que está no certo, que o orzamento foi aprobado con 4 votos do BNG e abstencións a última hora en suspense de todos os demais Grupos.

O Sr. Rivas Alvarez di que non que o seu grupo votou en contra.

O Sr. Alcalde di que houbo alegacións que houbo que rexeitar co voto favorable do PP.

O Sr. Rodríguez Andina pregunta respecto a que ten que ver eso con buscar maiorías.

Prosegue o Sr. Castro Reigosa dicindo que si ten que ver con buscar maiorías, as que favorecen, e fai referencia as do ano pasado, que foi a deles, para aprobar inicialmente o orzamento, despois de falar con todos os grupos e de presentar o orzamento en dúas ou tres comisións, con opcións de presentar alternativas, propostas, etc.

Sinala igualmente que despois de ser aprobado cos votos do seu grupo na aprobación inicial, na aprobación definitiva cando había que dar contestación as alegacións do orzamento conseguíronse unhas maiorías e xa se fixo mención naquel momento a que eles non querían que se lles fixera “tragar”, que se fixera a oferta a todos os grupos previamente antes de entrar no reparto dos famosos 68.000 € que se rexeitou previa á votación final, e que na votación final, que foron apoiados polo PP, facendo mención ao compromiso de reparto dos 68.000 €. Case prefire que neste apartado fale o Alcalde pero se non se engana e non ten mala memoria, fíxose mención a que non querían que fora un “trágala”, que eles abrirían as negociacións do convenio de novo, e así se fixo e de feito este orzamento chega con retraso debido as continuas negociacions que houbo ata que se deron por rotas para presentalo, xa que se se houbera chegado a un acordo previamente co tema da negociación do convenio este tema estaría antes en pleno.

Intervén agora o Sr. Rivas Alvarez e manifesta que o Sr. Castro Reigosa fala das inversións de 800.000 € que efectivamente veñen este ano e dille que unha inversión grande foi no seu día por exemplo a do polígono industrial de 1.000.000.000 de pesetas, seis millóns de euros, esa si é unha inversión grande por poñer un exemplo.

O Sr. Vicente Castro di que foi en tres anos.

Prosegue dicindo o Sr. Rivas Alvarez dicindo que efectivamente en tres anos, pero que en calquera caso hai que mirar o que se trae en función do que custa e hai que ver cuanto se costa e o Sr. Rivas Alvarez, pregunta cantas persoas hai con dedicación exclusiva de vida política, que viven da política e canto traen, iso é o que hai que sopesar na balanza, e é o que hai que decirlle aos veciños, e que cando queira poñen unha balanza e miran a ver cal foi o que trouxo máis e cal menos.

En canto ao que di que non se recorre a un céntimo de préstamo fai días no último pleno o seu Grupo fixo a pregunta de canto debía o Concello de Ribadeo a Asociación Ponte dos Santos e se non era certo que o Concello de Ribadeo estaba pagando él so todo-los gastos da póliza de crédito porque o Concello de Castropol estaba o día cos pagos, polo tanto pídelles que non diga que se está reducindo nin amortizando cando realmente se lles dice que se está pagando unha póliza cando non había porque estar pagándoa.

Di asimesmo o Sr. Rivas Alvarez que en canto ao campus de baloncesto firmaría un convenio no seu día que imaxina que non terá vixencia de por vida, non sabe que vixencia ten ese convenio pero en calquera caso un convenio gástase ou podese gastar cando hai partida e que cando non hai bonanza económica e senón a hai, hai que reducir, e esa é unha partida que se podía reducir xa que se pode ver canta xente participa de Ribadeo, o que supón e canto dura ese campus.

Prosegue sinalando o Sr. Concelleiro do Grupo de UPRI, que en canto a negociación dos 68.000 € hai que dicir que hai un acordo e xa llo dixo a todos os sindicatos, pero se se quere levar aparelado a negociación coa aprobación da RPT que quere o Sr. Alcalde, e entón non se chega a acordos, pero que non se poden separar as cousas, que hai que levalas conxuntamente.

Polo tanto o seu grupo vai seguir manténdose no que dixo ata o de agora, o barco “vai a pique”, e non so e que vai a pique senón que non queda cuberta, polo tanto o seu grupo vai seguir mantendo a postura que ven mantendo neste últimos anos.

O Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista di que vai dar unhas últimas pinceladas, que vai ler literalmente xa que o Sr. Castro ten boa memoria pero é cando quere, o acordo de agosto do ano pasado e do que cada un deles dixo xa que está escrito. Falando en concreto deste pleno reitera que lle parece, a non ser que se quixera que fora así, unha temeridade que non se negociara con ninguén para sacar adiante os orzamentos. Quere facer unha mención moi especial porque parece ser que foi o anuncio estrela do Sr. Alcalde a creación dese fondo social para persoas que están no paro coa creación dunha nova partida de 20.000 €, xa que el dixo de onde podían saír os cartos, que llo parecía.

Di que el vai facerlle un ofrecemento de parte do Partido Socialista se realmente é tan importante esa partida como supoñen, eles meten 20.000 € para anuncio que non sabe porque se non se aproba o orzamento non sabe se se segue facendo esto, pero ten 6.000 € no gabinete de prensa.

O Partido Socialista ofrecen as cantidades dos seus membros de asistencias a plenos e comisións para que dote esa partida que consideran necesaria, pero que el ten unha partida de 27.820,00 € a partida 99.227 de contrato para la prestación del servicio de montaxe para actividades culturais, deportivas e outras, que son 5 millóns de pesetas que os teñen aí e están racaneando 20.000 €, e por suposto aparte do que se lle pagou a Universidade para non facer a RPT que foron 6.000 máis 4.000€ e cre que tamén pode facer o Sr. Alcalde un esforzo e ceder igual que ceden os demais o 5% do seu soldo para formar esa partida que considera el tan necesaria con eses 20.000€ porque así se sobrepasan os 20.000 e pódese atender moitas máis familias.

Prosegue sinalando o Sr. Concelleiro no uso da palabra que en relación o que dixo de que tiña moi boa memoria, no pleno de agosto cando se acordou repartir os 68.000 € hai unha intervención que se recolle na acta, do Sr. Cupeiro Rodríguez, concelleiro do BNG, para manifestar “que pensa que efectivamente é algo importante para lograr aprobar os orzamentos que o seu grupo, o BNG, poda aceptar o reparto dos 68.000 € entre unha serie de funcionarios ou traballadores, laborais fixos ou como sexa, e que entende que o que está dicindo o Sr. Rodríguez Andina é que o Gupo do equipo de goberno asuma ese compromiso e el cre que así e como o asume, eses 68.000€ queren repartilos entre os funcionarios ou as persoas que foron afectadas, pero agora ben, que fale o Alcalde, o equipo de goberno non fai nada por escurrir o bulto e o que non quere e crear ningunha inxusticia e di que canta máis xente participe e colabore en calquera presuposto entende que así debe de ser, e así corren o risco de cometer menos erros, pero tamén di que unha vez dito esto, aceptan o reto de que esos 68.000€ van a repartirse, pero tamén se lles está dicindo que que van a ser eles quen vai a decidir as persoas afectadas e que se alegran moito porque entón teñen a sensación de que se fian do equipo de goberno e se non se fixera antes do 31 de decembro calquera podería facer o que quixera en relación a estos presupostos, que aceptan iso, se dende o punto de vista de intervención non existe problema e cree que nada máis hai que falar.”

Prosegue o Sr. Pérez Vacas apostillando que, efectivamente non había máis que falar, e prosegue lendo: “Di que o seu grupo di que asume o reto de repartir os 68.000 € da mellor maneira de forma máis equitativa e cre que está todo falado. Cre que é o Alcalde o que ten que asumir o que está dicindo se o estima oportuno e nada máis. O Sr. Alcalde intervén e manifesta que fai súas as palabras pronunciadas polo concelleiro Sr. Cupeiro Rodríguez”.

O Sr. Pérez Vacas dí que faltou a palabra o Sr. Cupeiro Rodríguez, o Sr. Alcalde e o resto do grupo BNG que non repartiron a 31 de decembro os 68.000 € e había un acordo cos sindicatos para facelo que era o que se pedía e tamén o tiña e nada mais.

Intervén o Sr. Rodríguez Andina e agradécelle ao portavoz do PSOE este recordatorio xa que él o entendeu e cre que se entende bastante ben o que acaba de ler. O que lle dixo o Concelleiro de Economía e Facenda debe ser que con tanto número neste últimos meses non lle entendeu nada, xa que di que hai que buscar maiorías e a partir de ahí, di que sairon cos 4 votos do seu Grupo exclusivamente. Di que explicarlle democracia a un Concelleiro nin a un cidadán calquera deste país a estas alturas, pero que llo vai explicar. Cando en determinadas votacións algún grupo, algún Concelleiro ou algún Diputado se abstén, facilita a aprobación de determinados asuntos, e pregúntalle se o entende, que hai a favor, en contra, e abstención. Se nalgún momento algún dos que están na oposición votan en contra eles van listos, pero se a maioría dos que están abstéñense si poden sacar as cousas adiante, e eso é a búsqueda de maiorías, as maiorías non ten que ser necesariamente a búsqueda de votos a favor.

Continúa dicindo o Sr. Rodríguez Andina que respecto do “tragala” ese, e todas esas cousas, co que acaba de ler o portavoz do PSOE, a o Alcalde o “tragala-debéuselle de atragantar inmediatamente, xa que non querían que se lles fixera “tragar”, pero que eles aceptaron un compromiso e teñen un compromiso, xa que aceptaron un plantexamento que se fixo aquí e que se acaba de ler e ademais puxéronlle data, o 31 de decembro e non o fixeron, e non hai máis. Tiñan un compromiso e non o cumpriron, polo tanto, advertidos, e non sabe se está na acta que non a trouxo, nese pleno e de forma reiterada noutros que chegaba o 31 de decembro e non conten con eles para nada nos próximos orzamentos se non cumpren os seus compromisos porque volve a dicir que non eran unhos compromisos do ano pasado senón do anterior, por iso fala de inxenuidade, como é que no 2008 plantéxase unha cuestión e din que non hai problema e nada, no 2009 vólvese a plantexar e díselles que si que non hai problemas e xa pensaron que non o ían facer e efectivamente non o fixeron.

Manifesta o Sr. Rodríguez Andina que entón a credibilidade é a que é, e hai que fixarse con que contundencia afirmaban o que afirmaban o ano pasado, pero non o fixeron, e que non lle diga o Alcalde que llo vai dicir que non o fixo, porque os sindicatos puxéronse atravesados, entón con ese método non hai maneira de chegar a acordos, e vaille dicir unha cousa, que será a primeira vez que neste Concello dende hai moitos anos, e non di que sempre foran boas

negociacións, que nalgunha discrepaban notablemente, pero que sería a primeira vez que nestes anos, en moitos anos, que non logra o goberno municipal un acordo cos sindicatos.

Di igualmente que xa que lle quere contestar a cousas aínda que non sexa de números, ten que dicirlle dúas cousas. Con respecto ao traballo da xestión municipal en cuanto a investimento seguro que eles súan un montón xa que a inversión é de 1.922.000 € que sona importante xa que practicamente son dous millóns de euros, o que sucede e que os tramos urbanos cedidos polo Ministerio de Fomento que lles debeu de custar un esforzo terrible foron 718.000 € que haberá que restar porque eses non os suaron; a urbanización de rúas do sétimo convenio de ARI é o sétimo, polo tanto, cre que non ten que dicirlles a eles quen comezou co ARI, se é o sétimo 107.000€. No que atinxe á recuperación do muiño do regato a “boas horas, mangas verdes”, este proxecto debe ter 12 ou 15 anos; e o POS que lles debeu custar a eles moito xa que é un programa corporativo que hai todos os anos de 60.000€.

Pregunta tamén o Sr.Rodríguez Andina que é o que os saca a eles do “atasco” e di que é que a Deputación Provincial, que xa o dixo na Comisión informativa do outro día, fai un disparate, que é dar 2.500.000 €, e di que non haberá cousas nas que meter eses cartos, que son 400 e pico millóns de pesetas, e eles a xestión que fan probablemente porque hai un asesor de deportes dentro da Deputación Provincial que é Concelleiro neste concello, e dar 2.500.000€ para reforma e ampliación do pavillón polideportivo, e cre que hai moitas necesidades nesta vila e en todo o Concello para que da Deputación saían 2.500.000 €, eso si, en tres anos, co cual van a deixar para os seguintes 1.700.000€.

Di que se se restan todas estas cousas, o esforzo que fixeron é a construción de nichos do cemiterio municipal que tamén é unha xestión importante, a sinalización de roteiros, por 37.000€ €, que son 6 millóns de pesetas, os paneis solares da piscina municipal por 52.000 €, os vestiarios do pavillón deportivo de Covelas por 6.000 € e o saneamento de Rinlo por 6.000 €.

Sinala o Sr.Rodríguez Andina tamén, que isto é un esforzo importante de xestión económica ante o resto das administracións, evidente. Dille que se quere falan tamén disto, pero que é igual xa que a maioría destas cousas tampouco as van a facer porque o seu Grupo xa lle anuncia que vai a pedir o resultado dos investimentos do ano pasado e van mirar os que estaban programados como todos os anos e van mirar a que niveis de funcionamento foron.

Prosegue dicindo que se pode crer ou non, pero que tiñan previsto facer exactamente o mesmo que fixo o grupo do PSOE, o seu grupo non te ningún inconveniente e máis non pensarán en qué aplicalas, pero parécelles ben que as súas dietas de asistencia ao plenos e comisións vaian a ese fondo que a eles lles parece tan importante a a eles tamén, para incrementalalo, que están encantados.

O Sr. Rivas Alvarez, di que os membros do seu grupo súmase tamén a esta proposta do PSOE e do PP (en relación ás indemnizacións por asistencia a sesións).

O Sr. Castro Reigosa di que quería comentar unhas detalles, que o Sr. Rodríguez Andina evidentemente olvidouse e non fixo mención o que non lle interesa, non fixo mención ao que dixo él antes, as inversións na última legislatura do PP con cargo a 2.400.000 € de préstamo, con préstamos fanse xestións e coa situación económica que teñen no Concello e en xeral, botarse a aventura de inversión con fondos propios é eso, unha aventura.

Respecto ao que dicía o Sr. Pérez Vacas, di que xa lle dirá, que hai que facer mención a partida de actividades socioculturais, deportivas e outras.

O Sr. Pérez Vacas dé que é para a montaxe.

Prosegue o Sr. Castro Reigosa, mencionando que a montaxe redúcese en 4.000 € no orzamento deste ano, que xa lle dirá como pensan montar e atender todas as necesidades que hai neste Concello para eses casos, e que se se vai facer con cargo a contratos que logo ao mellor non se realizan, como é o caso dalgunha reclamación que está facendo algún compañeiro do seu Grupo permanentemente, e as contratacións individuais para a montaxe que ten moito mellor custo evidentemente, que dubidan, xa que o tema da legalidade está ahí.

O Sr. Rodríguez Andina di que querer comparar a súa xestión coa do PP, que é ser un osado, e vaille poñer unhas cantos exemplos. Algunhos custaron algunhos cartos, outros non custaron nada e cando lle poña un relatorio como lle vai poñer él despois falan de xestión. Pregúntalle se sabe que hai un pavillón novo, se sabe que hai unha instalación de autobuses nesta vila, se sabe que hai un Auditorio nesta vila, se sabe que hai una Escola de Idiomas nesta vila, se sabe que hai vivendas sociais nesta vila, se sabe que hai un albergue de peregrinos nesta vila, se sabe quen firmou o convenio do polígono industrial, se sabe que hai unha circunvalación nesta vila, se sabe que hai unha obra de recuperación das Catedrais nesta vila, se sabe quen fixo a obra de rehabilitación na Torre dos Moreno nesta vila, se sabe que se recuperou a Casa da Cultura desta vila, se sabe que hai unha Casa da Xuventude nesta vila, se sabe que se recuperou a Casa do Viejo Pancho nesta vila, e di que non segue porque tería que ter cinco minutos máis para acordarse de todas.

O Sr. Castro Reigosa di que é un relatorio moi importante de obras e supón que como gobernante dunha vila se presenta para traer e facer cousas, e que eles tamén podían facer un relatorio de rúas, e un montón de relatorio de obras que ten pendentes esta Xunta actual, importantes, e que foron tramitadas e xestionadas por este Goberno actual de inversións importantes e pendentes, e que son inversións ademais en servizos sociais que están pendentes aínda. Di que todos cando pasan polo goberno municipal a súa obriga é facer unha xestión, aportar a maioría ou poñer o máximo que se poida da súa parte e traer o máximo que se poida como tamén o fixo o anterior alcalde no seu caso. Di que o comenta porque seguramente ía facer mención o mesmo.

O Sr. Pérez Vacas dille que non.

Prosegue o Sr. Castro Reigosa sinalando que anticipándose a iso, o anterior goberno e o anterior alcalde xa trouxo e moveu o tema do polígono industrial, o tema de depuradora que se está facendo actualmente, e que moitas das obras fanse durante a lexislatura e outras normalmente a maioría de xestións fanse en lexislaturas posteriores.

O Sr. Alcalde intervén e di que non sabe o que se faría, pero que dende logo un Alcalde como este, e un goberno municipal como este, que repartiu xogo entre todos non o houbo nesta vila en moitos anos. Di que é moi demagórico vir a comparar un período de goberno de hai oito anos dun goberno cun orzamento dun ano, que é moi demagórico, e que podían comezar a facer todas as cousas que eles xestionaron, que unhas as verán na súa época e outras non, e seguro que os que veñan despois verán unha serie de cousas que estiveron xestionando eles, que poden empezar a poñer enriba da mesa que desbloquearon o tema de depuradora que é a mellor de todo o país, e que se está facendo aquí; que pagaron un diñeiro de onde non tiñan, que quedaron descapitalizados por iso; que desbloquearon un tema da Vilavella que era da súa época pero que estaba nos papeis e estase empezando a facer agora mesmo; que conseguiron desbloquear un polígono industrial que estaba no papel pero que esta feito co compromiso de todos e coa aportación de todos conseguiron desbloquealo tamén.

Prosegue manifestand o Sr. Alcalde que conseguiron facer un montón de rúas que non se fixeron nunca, e dicir, que a ningúnen lle cabe ningunha dúbida que se fixeron un montón de cousas por todos, o Alcalde anterior tamén fixo un ascensor, que é unha cousa que non lle gusta moito particularmente e que nunca o dixo en público e xa que ten oportunidade, e non lle gusta moito pero

fíxose, e lles están intentando facer unha serie de cousas como un pavillón polideportivo moi importante xa que o que hai, vello, corre un perigo estrutural enorme, intentan conseguir o mellor pavillón para Ribadeo, intentan facer tantas cousas que incluso agora están esperando que falta facelo xa que está asinado e espera que se chegue a facer, como o Centro de Día para enfermos de Alzheimer que conseguiron e negociaron.

Prosegue sinalando o Sr.Alcalde que xa que estas cousas non están no orzamentos, como tampouco estaba a circunvalación, nin a circunvalación de antes, nin a conversión dun Centro de día para enfermos de Alzheimer, nin estaba a creación dunha Escola infantil, pero tamén a xestionaron, tamén cambiaron toda a maquinaria municipal deste Concello, e teñen unha dotación de maquinaria que non existe en ningún concello da Mariña e tamén cambiaron o camión de incendios, un novo tractor, o parque móbil novo da policía, etc, pero que agora non están medindo o que fixo cada un, cre que cando acabe este mandato, eles terán que rendir conta do que fixeron o os que están na oposición terán que criticalos polo que deixaron sen facer, os que están na oposición e no goberno actual dirán o que fixeron eles en oito anos fixeron máis ca eles en catro, e di que en oito anos, pódese facer máis que en catro, pero tamén hai que dicir e volvendo o que di a Interventora que “se recomenda como non pode ser doutro xeito a contención do gasto na circunstancia económica na que nos atopamos, considerando que de continuar a tendencia que se ven iniciando na liquidación do 2008 poderá falarse xa dunha recuperación económica máis pronto que tarde”.

O Sr.Alcalde sinala que é dicir, con todo esto o pouco ou o moito que fan, fanlo sen recorrer a un préstamo nin un so céntimo dende o ano 2007, que eles e os Concelleiros do BNG, cando estaban no goberno anterior recorreron a préstamos, naquela época aínda andaban coas “vacas gordas” e había inversións e había recurso e préstamos e agora na inversión non hai nada de recurso nin de préstamo porque lles preocupa moito a cuestión municipal e por responsabilidade.

Asimesmo manifesta que logo despois se lle critica porque ten gabinete de prensa, di que pois si, pero logo no sustancial non modifica moito a situación do Concello, hai que ter en conta que son catro persoas e soamente un “liberado” e que se necesita para facer moitas cousas, que outra cousa é que queiran que se afoguen para dar a sensación de que non traballan e que non fan nada, e hai veces que hai que facer estas pequenas cousas e que non pasa nada, e se a xente no 2011 non o ve moi mal, xa saben o que se lles queda, e de momento é o que teñen que facer, e cre que non o están facendo mal, pero claro iso creelo el.

Prosegue dicindo que de todas as maneiras lle parece moi triste que todos os grupos e todo o mundo con máis queixas ou menos, con máis preguntas ou menos, parece que o problema que pon é que como non se repartiron os 68.000 € xa lles advertiron, pero que igual tamén por estar tan advertidos el contra o que xa todos o coñecen e saben que pode caer mellor ou peor, pero sempre intenta dar xogo, sabe que están en minoría e queren falar con todo o mundo, pero tanto vai o cántaro a fonte..., e dicir, tanta advertencia de que non cumpriron, eles queren sacar o presuposto adiante e entón non é que non cumpriran, ou pódese entender e interpretar como se queira, a quen queira e como lle pareza mellor, pero el entende que el cumpriu ata onde lle era humanamente posible e ata onde legalmente era posible.

Sinala tamén o Sr.Alcalde que non pode nin dará nunca na vida aínda que deixe de ser alcalde mañá, non dará 68.000 € a ninguén “ pola cara” , xa pode poñer aquí “Cristo Bieito” e xa se poden poñer os sindicatos unánimes que non o estaban todos, pero non van a facer nada ilegal. Di que recorda un informe de Intervención que dicía que a forma de facelo era a través dunha valoración non “pola cara” e non a capricho do alcalde. Con todo estiveron negociando, e efectivamente se demoraron co presuposto porque o querían ter antes de maio, que conste que dentro de todas esas veces que viñeron os presupostos aquí con maiorías, con coalicións ou co que fora, poucas veces viñeron antes desta data e estan en maio, e con todo intentaron negociar e en novembro e en decembro intentaron negociar, que o fixeron e están as convocatorias e están as actas e están as gravacións abaixo (en referencia á Secretaría) de todo, e o que queira saber que saiba todo canto do seu interés foi chegar a un acordo, a veces dende o punto de vista irracional e dende o punto de vista económico, intentando achegar posturas, a costa do que dicían eles xa que os sindicatos non dicían nada e cando nunha reunión quedaban para estudalo e na reunión seguinte decían que aceptaban desbloquear esto e vamos sacar isto, e dicían non, non queremos, e o final os propios sindicatos dixéronlle que non os convocara que xa lle deixaron no rexistro hai dúas horas un escrito de que non están de acordo con nada diso, co que eles mesmos romperon as negociacións tanto os laborais como os funcionarios e con esa circunstancia chegou un momento en que dixo que se non queren non queren e xa está.

En relación ao mesmo asunto, polo Sr.Alcalde se explica que eles non van a facer nada ilegal e de feito preveron o que orzamentariamente hai que prever, e logo despois se “pasaron de frenada” e logo andaban discutindo polas esquinas, porque dixo que o do goberno había que pagarlle menos incluso e o Alcalde é como un máis efectivamente, o que lle corresponda polos baremos que determine o Ministerio e o que sexa, que por iso non van a ter problema con él, pero o que lle parece triste por parte de todos, por parte de unhos máis que por outros, vincular a aprobación dos orzamentos dun Concello, dos orzamentos de inversión, nun momento difícil para todos, vincular eso con que eles repartan un diñeiro aos funcionarios e lle parece que, cando eles a través dos seus sindicatos non quixeron chegar a acordos, parécelle lamentable,

cansáronse de negociar e foron os sindicatos os que romperon, e iso é certo e está aí.

Di que non sabe o que vai a pasar pero que sinceramente, M^a Luz, Horacio, Vicente e él, son do Bloque, son dunha formación política, están moi orgullosos de selo, presentáronse as eleccións para gobernar e a xente quíxoos pero non lles “ata” nada ao cargo, que o Sr.Castro Reigosa ten o seu traballo, O Sr.Cupeiro Rodríguez está retirado, A Sra.Alvarez Lastra ten o seu traballo, e él afortunadamente tamén.

O Sr. Rodríguez Andina di que eles tamén.

O Sr. Alcalde di que está falando por el non polos outros, que neste momento está falando polos seus compañeiros, e queren que todo isto vaia ben e intentan aprobar o orzamento e senón é posible prefiren ligalo a unha cuestión de confianza porque non sabe o que se lles pode reprochar, pero que traballar..., e non traballaron outros algún e nunca o puxo a parir sen máis efecto, e traballar para conseguir cousas el pensa que si o fixeron en tres anos, que conseguiron moitas cousas, conseguiron desbloquear outras, teñen unhas marros increíbles que non xeneraron eles e que teñen que cumprir, hai unha sentenza que hai que cumprir nos próximos días, e que non é plato de bo gusto para este Alcalde ou para o que veña, pero hai que cumprir, hai “marróns” que hai que cumprir co pasado, hai débedas nas que non quedan nin un so céntimo pero hai débedas que están petando na porta dende fai moito tempo e hai que cumprir, e hai veces que pagan o máis vello e queda o outro e deixan o deles sen pagar porque en principio nas débedas podíanse ir pagando o deles e o dos demais non, que eles pagan o de outros e con todo remítese o informe de Intervención , que proceda a ler parcialmente o Sr.Alcalde en defensa do seu punto de vista, e remata dicindo que “de seguir así poderíamos saír deste bache“ deste bache que ten o que Concello e que non provocado por eles, xa que o fin de contas a responsabilidade do goberno lévana dende maio de 2007.

O Sr. Rodríguez Andina di que máis catro.

Prosegue o Sr. Alcalde dicindo que na parte que lles corresponde, que non é na parte principal., que a xente falou do 2007. Di que o seu espírito segue aberto e é bo de todo, que a veces lles reprocha e saben que lle lo dice, que cando traen as cousas abertas lles dicen que claro, que así abertas que non se pode concretar, xa que están abertas, e se as traen pechadas, críticanlos porque están pechadas; que traen e que son unhas ditadores que traen todo “cocido” e que así tampouco se lles pode apoiar, e ás veces lles da a sensación de que aquí o tema é o “toureo”, un “toureo” absoluto para dificultar a súa situación e xa saben cal é, que é a minoría e que é así, que o fixeron dende o primeiro momento e que aínda que non cheguen a un acordo de coalición con ningún, pero insiste que non quere que se bloquee ningún

proxecto do Concello, quere que se fagan os nichos, quere que se faga o do fondo social, que se amañen as rúas, que non se perda nin un só céntimo, e para iso entende, xa que os técnicos así o din que debe ser cun orzamento aprobado e non cun orzamento prorrogado.

De seguido pásase a votación o ditame da Comisión Informativa de proposta de aprobación do Presuposto Ordinario para o exercicio de 2010, que obtén catro votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e oito votos en contra (dos membros presentes dos Grupos municipais de PP, PSOE e UPRI), non aprobándose, polo tanto, inicialmente o mesmo.

Sendo as 20 h. e 40 m., polo Sr.Alcalde manifestase que se levanta a sesión .

Cando están a abandonar a sesión os Sres.Concelleiros, pero antes de que se efectúe, por parte do Sr.Alcalde, se manifesta fora da orde do día, que os Sres.portavoces ou concelleiros dos grupos poden dirixirse aos servizos técnicos e Secretaría e Intervención da Corporación, para informarse sobre o expediente das obras de tramos urbanos cedidos polo Ministerio de Fomento ao Concello, toda vez que se pretende levar a cabo a adxudicación , e o asunto quedou sobre a mesa no derradeiro Pleno.

O Sr.Perez Vacas sinala que quedou pendente dun informe de Secretaría e por parte do Secretario se responde que tal informe non foi acordado polo Pleno, e que corresponderá ao Alcalde, no seu caso, deliberándose brevemente.

En relación á cuestión da referida adxudicación, deliberase entre os Sres.Concelleiros, en pe , no salón de sesións sobre o particular, e abandonando de seguido o mesmo.

Sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos, levántase definitivamente a sesión, tras da incidencia referida, estendéndose a presente acta, do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,